

# MATEMÁTICAS I

---

## PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

IES ISIDRO PARGA PONDAL  
CARBALLO  
CURSO 2020/2021



# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. MATEMÁTICAS I

<b>A) INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN</b>	<b>5</b>
<b>B) CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.</b>	<b>7</b>
<b>C) OBXECTIVOS XERAIS.</b>	<b>9</b>
<b>D) CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE DE:</b>	<b>11</b>
1º. TEMPORALIZACIÓN.	11
2º. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA.	11
3º. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.	11
<b>E) CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA</b>	<b>12</b>
<b>F) MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAN UTILIZAR.</b>	<b>13</b>
<b>G) CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, A CUALIFICACIÓN E A PROMOCIÓN DO ALUMNADO.</b>	<b>13</b>
<b>H) INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.</b>	<b>13</b>
<b>I) ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.</b>	<b>14</b>
<b>J) ORGANIZACIÓN DOS PROCEDEMENTOS QUE PERMITAN AO ALUMNADO ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS EN DETERMINADAS MATERIAS.</b>	<b>14</b>
<b>K) DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS.</b>	<b>15</b>
<b>L) MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.</b>	<b>15</b>
PROGRAMA DE REFORZO EDUCATIVO	15
PLAN ESPECÍFICO PERSONALIZADO PARA ALUMNOS REPETIDORES	16
ADAPTACIÓN CURRICULAR	16
<b>M) CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO QUE CORRESPONDA.</b>	<b>16</b>
<b>PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES</b>	<b>16</b>
ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR	18
ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN T.I.C.	18

ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA	18
<b>N) ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES</b>	<b>19</b>
<b>Ñ) MECANISMOS DE REVISIÓN, DE AVALIACIÓN E DE MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.</b>	<b>19</b>
<b>O) ANÁLISE E VALORACIÓN DAS APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES QUE SE IMPARTIRON E DAS QUE NON SE IMPARTIRON NO CURSO 2019/2020.</b>	<b>20</b>
<b>P) PLAN DE REFORZO.</b>	<b>20</b>
<b>ANEXO I: ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE</b>	<b>22</b>
<b>ANEXO II: TEMPORALIZACIÓN</b>	<b>31</b>
<b>ANEXO III: LIBRO DE TEXTO</b>	<b>32</b>
<b>ANEXO IV: CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN</b>	<b>33</b>
AVALIACIÓNS PARCIAIS	33
MECANISMOS PARA RECUPERAR UNHA AVALIACIÓN NON SUPERADA	33
AVALIACIÓN FINAL ORDINARIA	34
AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA	34
CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN NO SUPOSTO DE PARTE DA DOCENCIA PRESENCIAL E PARTE NON PRESENCIAL	34
<b>ANEXO V: LECTURAS RECOMENDADAS</b>	<b>35</b>
<b>ANEXO VI: ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE NON TRATADOS NO CURSO ANTERIOR</b>	<b>36</b>

## A) INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

As matemáticas están constituídas na actualidade por un amplo conxunto de coñecementos xurdidos, moitas veces, do traballo da humanidade para resolver os problemas que debeñen dos seus intentos de comprender e modificar a realidade física que a rodea. Nun principio as técnicas e procedementos utilizados só tiñan sentido pegados aos problemas que resolvían. Foi Pitágoras o primeiro en considerar o número como un ente digno de estudo per se, separado do uso que podería dárselle para contar, medir, calcular ou resolver problemas. Este é o paso necesario para dotar as matemáticas do carácter abstracto e independente da realidade física que teñen como ciencia finalizada. Isto non significa que, unha vez chegados a este punto, desaparezan dunha vez e para sempre os vínculos desta ciencia coa parte que atinxe á realidade, pois a historia amósanos exemplos de como estruturas e teorías matemáticas abstractas, aparentemente desvinculadas do real, terminan sendo de grande axuda para modelar situacións reais, explicalas e predicir o seu comportamento, utilizando para iso os métodos teóricos inherentes aos modelos. Tampouco debemos esquecer que moitas das matemáticas que se fan na actualidade nacen dos problemas que lle formulan as outras ciencias e a tecnoloxía.

Esta dobre vertente do saber matemático, o seu carácter abstracto e a orixe física de moitas das súas teorías, ten que poñerse de manifesto nas actividades que desenvolvan este currículo. A idade do alumnado de bacharelato e os varios anos de contacto co saber matemático proporcionan unha boa base para dar os primeiros pasos no camiño do pensamento científico, onde non só seguirá estando presente a intuición, senón tamén o seu cuestionamento, a dedución, a argumentación, a utilización precisa da linguaxe, etc., todo o que constitúe un camiño cara ao formal e o abstracto.

Pero non hai que esquecer que os pasos que se dean nesta dirección durante toda a etapa deben ser pausados e curtos, sen prescindir nunca da realidade de que xorde o coñecemento matemático ou en que se aplica. Ademais, presentándolles ás alumnas e aos alumnos situacións variadas xurdidas tanto das propias matemáticas como das outras ciencias, da tecnoloxía ou do seu contorno próximo para que as investiguen ou as resolvan, móstranse as relacións das matemáticas con outros campos do saber, e deste xeito adquiren máis sentido e relevancia para o que aprende.

Os contidos de matemáticas no bacharelato de ciencias e tecnoloxía preséntanse agrupados en bloques cun criterio propio da disciplina, o que non significa que a álgebra lineal, a xeometría, a análise e a estatística e probabilidade teñan que ensinársese necesariamente illadas unhas das outras. As moitas relacións que existen entre os contidos destes bloques deben facerse explícitas no proceso da súa ensinanza. A iniciación ao cálculo de límites, derivadas e integrais baséase na álgebra e na topoloxía da recta, pero tamén a xeometría proporciona unha interpretación intuitiva dos conceptos inherentes a eses contidos. As evidentes relacións entre a álgebra e a xeometría maniféstanse con claridade nos dous cursos. A álgebra achega a potencia da súa linguaxe simbólica e a xeometría unha interpretación máis próxima dos obxectos alxébricos.

A ensinanza e a aprendizaxe dos contidos destes bloques susténtanse na competencia que debe amosar o alumnado na aritmética e na álgebra elemental xa aprendidas en etapas educativas anteriores. Isto significa que nesta etapa se afondará no seu estudo,

pero sempre en relación cos contidos presentes nos outros bloques e non illadamente, xa que no desenvolvemento destes é necesario resolver ecuacións e inecuacións, traballar con intervalos e operar cos diferentes tipos de números e con expresións alxébricas. A avaliación deles, como suxire o criterio correspondente, debe facerse, o mesmo que a súa ensinanza e aprendizaxe, dun xeito transversal.

No bloque de xeometría de Matemáticas I ampliáanse as nocións de trigonometría introducidas na ESO para aplicarlas á medición indirecta de lonxitudes e ángulos e á resolución de triángulos. O concepto de vector e as súas operacións serven de base á comprensión e á resolución dos problemas afíns e métricos do plano. O estudo dos lugares xeométricos, en particular as cónicas, vese hoxe facilitado co emprego de ferramentas informáticas. Os contidos de análise deste curso amplían a gama de funcións elementais que deben ser coñecidas mediante a súa expresión analítica polo alumnado. Introdúcese tamén a idea intuitiva de límite, que pode ser tratado numericamente coa axuda da tecnoloxía adecuada, e unha iniciación ao concepto e ao cálculo de derivadas e dalgúnhas das súas aplicacións. Os contidos de estatística e probabilidade ofrécenlle ao alumnado novas ferramentas para ampliar o estudo do azar. Nas distribucións bidimensionais debe enfatizarse máis a interpretación dos resultados ca os procedementos de cálculo do coeficiente de correlación e a recta de regresión, que sempre poden facerse coa axuda da calculadora ou doutras tecnoloxías.

O centro das Matemáticas II son os bloques de Xeometría e Análise, pois os contidos de Álgebra lineal se consideran, sobre todo, como unha ferramenta para resolver mellor os problemas xeométricos de rectas, planos, áreas e volumes no espazo. Neste nivel afóndase o estudo de límites, funcións derivadas e ás súas aplicacións e introdúcese o cálculo integral e a súa aplicación ao cálculo de áreas sinxelas. Non se trata neste tema, coma noutros, de que o alumnado coñeza moitas técnicas, senón de que comprenda os conceptos en que se basean, saiba elixir a apropiada a cada contexto que se lle presente, e sexa capaz de aplicala e de interpretar os resultados obtidos.

Os contidos antes aludidos preséntanse neste currículo cun nesgo conceptual, pero o profesorado non debe esquecer que o coñecemento matemático consiste tamén no dominio da “súa forma de facer”, que se pon de manifesto nos criterios de avaliación. As tarefas máis concretas a que estes aluden prevén unhas matemáticas onde o peso recae nos procedementos e onde tamén están presentes as actitudes. Unha versión do xeito de facer matemáticas proporciónaa a resolución de problemas, onde case sempre é necesario comezar poñendo exemplos concretos que aclaren a situación problemática, ou buscando contraexemplos, para pasar a utilizar estratexias de ensaioerro sistemático, executar procedementos algorítmicos á man ou coa axuda da calculadora, facer simulacións co ordenador, utilizar a intuición, contrastar as solucións atopadas, presentar o traballo realizado dunha forma ordenada e coherente, utilizando o vocabulario técnico con precisión, etc., ademais de mostrar actitudes que como a perseveranza, a confianza, o respecto polas opinións doutras persoas, o recoñecemento dos erros cometidos, etc. están sempre presentes durante a resolución de problemas. Deste xeito, as matemáticas contribúen a que o alumnado adquira unha formación e unha madurez intelectual e humana, así como habilidades que son de aplicación xeral e que lle servirán para enfrontarse a situacións novas cun certo grao de autonomía.

Entre os medios que pode utilizar o profesorado no decurso do desenvolvemento do seu traballo merecen especial mención as calculadoras e os programas informáticos, entre os que cabe destacar os sistemas de álgebra computacional, os sistemas de xeometría dinámica e as follas de cálculo. Todos eles deben utilizarse, ademais de para a

realización de cálculos ou a elaboración de gráficas, como unha axuda no proceso de ensinanza de conceptos ou propiedades.

Moitas veces as alumnas e os alumnos perciben as matemáticas como un conxunto de fórmulas e métodos carentes de sentido, sen relación duns cos outros nin con nada que teña que ver coa súa realidade, o que propicia unha actitude desfavorable cara á aprendizaxe. Para intentar evitalo, parte do labor do profesorado debe consistir en presentar as matemáticas a partir de contextos e actividades variadas, aínda que logo sexa inevitable culminar o seu estudo dunha maneira máis formal.

## **B) CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.**

Traballaranse en todas as unidades a través do material didáctico. A aprendizaxe da área de Matemáticas contribúe ao desenvolvemento das seguintes competencias básicas:

### ***Competencia en comunicación lingüística (CCL).***

A linguaxe natural, oral e escrita, é un instrumento de aprendizaxe e de comunicación de saberes sen o que dificilmente se progresa. É necesario que todo o alumnado aprenda a verbalizar os conceptos, a facer explícita unha idea, a redactar un escrito ou a expoñer un argumento. Adquirir esta competencia supón aprender lingua cando se usa en situacións e contextos de comunicación diversos. Un de tales contextos é o que proporciona a área de matemáticas. Pero, ademais, a comunicación lingüística na área de matemáticas ten características propias como son a súa precisión, a súa concisión e a súa falta de ambigüidade, e o dispoñer de un léxico propio de carácter sintético simbólico e abstracto, e de diferentes rexistros de linguaxe (numérica, alxébrica, xeométrica, gráfica...) que están destinados a conseguir expresar claramente acontecementos presentes na vida cotiá.

### ***Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).***

Capacitar as alumnas e os alumnos para que se desenvolvan de forma autónoma nun mundo caracterizado polos avances científico-técnicos, require que adquiran as bases do pensamento científico necesarias para poder interpretar o mundo dos obxectos e dos fenómenos cos que convivimos. Esa interpretación precisa da axuda do coñecemento matemático tanto na linguaxe e conceptos que utiliza como nas formas de argumentación e razoamento empregadas para a resolución dos problemas, facendo útiles e prácticos os coñecementos adquiridos.

Son contidos destacables, a discriminación de formas, relacións e estruturas xeométricas, especialmente co desenvolvemento da visión espacial e a capacidade para transferir formas e representacións entre o plano e o espazo. Tamén son apreciábeis as achegas da modelización; esta require identificar e seleccionar as características relevantes dunha situación real, representala simbolicamente e determinar pautas de comportamento, regularidades e invariantes, a partir das que poder facer predicións

sobre a evolución, a precisión e as limitacións do modelo.

### ***Competencia dixital (CD).***

Na sociedade actual impóñense outras fontes de información, os medios audiovisuais e as TIC, polo que é necesario que o alumnado adquira as habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar a información para transformala en coñecementos, mantendo en todo momento una posición crítica. O profesorado non se limitará, polo tanto, a ser a única fonte de información, senón que ten que ensinalo a buscar información relevante nos procesos de ensinanza e de aprendizaxe.

### ***Competencia social e cívica (CSC).***

A historia das matemáticas está ligada á historia da humanidade e, na parte que lle corresponde, é útil para que poidamos comprender certos acontecementos do pasado e do presente e mesmo predicir os do futuro. A través do estudo das matemáticas, da utilización das ferramentas que nos proporciona, poderemos abordar temas candentes na sociedade actual: movementos migratorios, o papel da muller na sociedade, cuestións relacionadas con distintos tipos de violencia.

A comprensión da realidade social do mundo no que vivimos e o exercicio da cidadanía de maneira democrática son necesarios para a integración dos estudantes da ESO na sociedade. Determinados aspectos destas realidades poden entenderse mellor na medida en que poidan ser analizados empregando as ferramentas que proporcionan as matemáticas. Para comprender a pluralidade da sociedade española, e europea pode cuantificarse a súa composición desde diferentes criterios (xeográficos, económicos, culturais, raciais, etc.) o que devén nun afondamento do coñecemento desa pluralidade. De novo as porcentaxes, a análise de táboas e gráficas e a estatística son os contidos matemáticos máis axeitados para facer estes estudos.

### ***Conciencia e expresións culturais (CCEC).***

Un dos aspectos máis salientables da realidade social son os ámbitos cultural e artístico. Pero non só forman parte da cultura da nosa sociedade as producións literarias, a música, a pintura, ou a arquitectura. A ciencia e, en particular, as matemáticas son unha parte integrante dela. Moitas das creacións culturais da humanidade xamais se terían realizado sen o seu concurso. Abonda lembrar que, hai máis de vintecinco séculos, a música e as matemáticas se entrelazaban na escola pitagórica. Múltiples manifestacións da arquitectura, escultura e pintura de diferentes épocas constitúen exemplos nos que se detecta a súa relación directa coas matemáticas.

Estas conexións das matemáticas e a música, a arquitectura ou a arte non son cousa exclusiva do pasado. Exemplos actuais de vangarda serían magníficos representantes do que queremos dicir; pénsese, por exemplo, na música estocástica, nas formas en tensión ou na arte fractal.

A xeometría é, ademais, parte integral da expresión artística da humanidade ao ofrecer medios para describir e comprender o mundo que nos rodea e apreciar a beleza das estruturas que creou.

Cultivar a sensibilidade e a creatividade, o pensamento diverxente, a autonomía e o apaixonamento estético son obxectivos desta materia.



### ***Competencia para aprender a aprender (CAA).***

Os avances no proceso de resolución dun problema, aínda sen ter acadada unha solución, proporciona una satisfacción que recompensa o esforzo realizado e redundante na autoestima. Nese proceso de resolución sempre se aprende algo, aínda que sexa vendo o que xa coñecemos desde outro punto de vista. Pero tamén se poñen en xogo estratexias de aprendizaxe como a formulación de preguntas, o sentimento de curiosidade pola exploración de obxectos e situacións, a observación e rexistro sistemático de feitos e relacións, a integración e relación da nova información con outros datos e coa propia experiencia e coñecementos anteriores, a utilización de técnicas de consulta e a disposición a aceptar diferentes puntos de vista. Pode, polo tanto, considerarse como un proceso de aprendizaxe autónoma que fai que a competencia de aprender a aprender se fortaleza.

### ***Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) .***

Póñense tamén en xogo destrezas relativas á iniciativa persoal e ao espírito emprendedor, dado que no proceso de resolución dun problema, en moitas ocasións, é necesario optar con criterio propio entre varias vías, desenvolver a opción elixida e facerse responsable dela. Tamén esixe o desenvolvemento de valores persoais tales como a liberdade, a demora da satisfacción, a confianza na propia capacidade para enfrontarse a eles con éxito e adquirir un nivel adecuado de autoestima, que permita gozar dos aspectos creativos, manipulativos, estéticos e utilitarios das matemáticas.

Pondo de relevo, durante a realización das actividades de ensinanza e aprendizaxe na aula, as conexións entre as matemáticas e as demais áreas do currículo e a súa achega á consecución das competencias básicas, é máis doado que as matemáticas adquiran significado e relevancia para as alumnas e os alumnos, o que, sen dúbida, redundará nunha mellor comprensión dos seus saberes, nunha maior naturalidade no seu uso en diversos contextos e nunha mellor actitude cara a elas. En definitiva: nunha mellor competencia matemática.

A concreción dos estándares de aprendizaxe avaliábeles que forman parte dos perfís competenciais establécense na táboa do ANEXO I

## **C) OBXECTIVOS XERAIS.**

O bacharelato ten como finalidade proporcionarlle ao alumnado formación, madurez intelectual e humana, coñecementos e habilidades que lle permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia. Así mesmo, capacitará o alumnado para acceder á educación superior.

O bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do

Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

b) Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.

o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

## **D) CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE DE:**

1º. TEMPORALIZACIÓN.

2º. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA.

3º. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

### **Temporalización**

Na táboa do anexo I inclúese o número de sesións estimado para acadar cada un dos estándares de aprendizaxe, que a súa vez están asociados aos contidos agrupados por bloques e unidades didácticas.

Aqueles estándares que son tratados ao longo de todo o curso aparecen sinalados cun X.

### **Grao mínimo de consecución para superar a materia**

Na mesma táboa do anexo I o grao de consecución indicado en cada estándar debe interpretarse como:

100% Dominio completo do estándar

75% Dominio avanzado

50% Dominio básico

### **Procedementos e instrumentos de avaliación**

A observación do que ocorre na aula día a día é unha labor fundamental do profesorado pois non todas as persoas se enfrontan do mesmo xeito ás mesmas situacións. Os instrumentos de avaliación neste contexto serán:

[O] Preguntas orais na clase.

[T] Realización das tarefas propostas dentro e fóra da aula.

[E] Probas escritas presenciais e/ou telemáticas

[G] Traballos colaborativos en grupo.

### **Probas escritas**

Son as que tras as observacións realizadas ao longo dun período, permiten facer un balance final de adquisición de conceptos e procedementos. A súa importancia radica na visión globalizada que proporciona ao alumnado da materia que se está a avaliar.

En todas estas probas o profesorado indicará por escrito na folla do exame as normas a aplicar xunto coa distribución da puntuación nas diferentes preguntas.

Na corrección de cada proba non só se valorará a corrección na solución senón tamén a xustificación e organización das respostas, o uso correcto da notación, a utilización adecuada de recursos gráficos, etc

Todas as cualificacións mediranse con números decimais redondeados ás centésimas.

O alumno ou alumna que cometa un acto ilícito durante a realización dunha proba será avaliado con puntuación cero nesa proba e sen efecto nas seguintes.

## **E) CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA**

No desenvolvemento das clases empregaranse por parte do profesorado os métodos pedagóxicos mais axeitados para a súa actividade: explicacións orais ou a través dos recursos multimedia correspondentes, de xeito que se impulse o traballo ben feito, o esforzo, a autonomía persoal, o traballo cooperativo, elaboración de proxectos que sexan obxecto de exposición e debate entre o alumnado, unha formación en valores democráticos que prepare ao alumnado para a resolución pacífica de conflitos, o respecto pola diversidade, o rexeitamento da violencia de xénero e, en definitiva, que estea preparado para pertencer a unha cidadanía democrática.

As propostas metodolóxicas para o desenvolvemento desta materia son as seguintes:

- Partir da competencia inicial do alumnado.
- Ter en conta a diversidade: respectar os ritmos e estilos de aprendizaxe.
- Promover a autonomía na aprendizaxe.
- Fomentar da memorización comprensiva.
- Incentivar a creatividade e a motivación.
- Promover a participación do alumnado
- Utilizar situacións próximas ao alumnado que posibiliten a identificación e comprensión dos problemas e posteriores solucións.
- Resolución de problemas en situacións e contextos distintos aos propostos previamente.
- Uso de materiais e procedementos de resolución variados.
- Uso das tecnoloxías da información e comunicación, ferramentas de cálculo, simulación, contraste, aproximación e estimación ou calquera outra que favoreza o proceso de abstracción.

- Valorar distintos camiños de presentación e de resolución de problemas, así como as solucións estéticas e creativas.
- Fomentar o traballo en equipo promovendo a disertación e a análise rigorosa.
- Proponer situacións diversas que possibiliten a investigación.
- Combinar de xeito equilibrado o cálculo mental coa utilización da calculadora e aplicacións informáticas.

## **F) MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAN UTILIZAR.**

No desenvolvemento das clases empregaranse por parte do profesorado os métodos pedagóxicos mais axeitados para a súa actividade: explicacións orais ou a través dos recursos multimedia correspondentes.

Recoméndase empregar o libro de texto indicado no anexo III.

## **G) CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, A CUALIFICACIÓN E A PROMOCIÓN DO ALUMNADO.**

Ver anexo IV.

## **H) INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.**

<b>Indicador</b>	<b>Acadado</b>	<b>Non acadado</b>
Avalíanse os coñecementos previos dos alumnos/as.		
Infórmase aos titores das dificultades na aprendizaxe do alumnado.		
Infórmase ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.		
Infórmase ás familias sobre os criterios de promoción.		
Realízase un seguimento continuo do desenvolvemento da programación.		
Propónse actividades introductorias de motivación ao iniciar		

unha unidade didáctica.		
Deséñanse actividades en función dos obxectivos didácticos e atendendo ás características do grupo de alumnos.		
Combínanse diferentes metodoloxías: traballos en grupo, actividades individuais, leccións maxistras, etc.		
Valórase o traballo que desenvolve o alumno/a na aula.		
Valórase o traballo que desenvolve o alumno/a fora da aula.		
Establécense medidas de atención á diversidade cando se detecta a necesidade.		
As probas contemplan diferentes niveis de dificultade.		
Analízanse en conxunto os resultados do grupo de alumnos periódicamente.		
Distribúese adecuadamente o tempo nas clases combinando os tempos de exposición e os tempos de traballo dos alumnos/as.		

## **I) ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.**

No caso de 1º de bacharelato non procede.

## **J) ORGANIZACIÓN DOS PROCEDEMENTOS QUE PERMITAN AO ALUMNADO ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS EN DETERMINADAS MATERIAS.**

Para a acreditación de coñecementos necesarios para cursar as materias de Matemáticas II e Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II os alumnos deberán ter superada a materia correspondente do curso anterior.

Se houbera algún alumno matriculado en Matemáticas II ou en Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II sen ter cursado as correspondentes de 1º de Bacharelato, deberá cumprir algún dos seguintes requisitos:

- *Cursar e superar a correspondente materia de primeiro.*
- *Superar as mesmas probas que os compañeiros que teñen a materia pendente.*
- *Realizar e superar unha proba obxectiva na que acredite que reúne as condicións necesarias para poder seguir con aproveitamento a materia de segundo. Esta proba tería lugar durante a primeira semana de clase.*

## **K) DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS.**

Nos primeiros días do curso realizarase unha proba baseada nos contidos do curso anterior. O propósito da proba será: por unha parte recabar información acerca do punto de partida do alumnado; e por outra que os alumnos e alumnas sexan conscientes do grao de consolidación dos coñecementos de cursos anteriores. Esta proba non terá efectos nas cualificacións.

En casos especiais comunicárase os resultados ao titor, departamento de orientación e/ou ás familias co obxecto de tomar as medidas necesarias (apoio, reforzo, adaptación curricular, etc)

## **L) MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.**

- No primeiro trimestre do curso realizarase unha avaliación inicial para detectar alumnos que amosan deficiencias ou sobredotación na materia. Esta selección pódese ampliar na xunta da primeira avaliación.
- Os alumnos ós que se lles detecte algún tipo de problema, realizarán unha avaliación psicopedagóxica, e posteriormente decidírase a conveniencia de aplicar reforzo educativo ou adaptación curricular, empregando todo o material proposto nas diferentes unidades didácticas.
- En cada unidade se propón unha serie de actividades de reforzo ou ampliación dependendo da evolución e consecución de obxectivos de cada alumno. Así pois, o profesorado, á vista destes resultados, proporá e fará seguimento da realización destas tarefas polos alumnos individualmente.
- Tamén se contempla, ante a variedade de niveis que presentan os alumnos, a posibilidade de usar libros de exercicios diferenciados segundo as carencias que o alumno manifieste.

## PROGRAMA DE REFORZO EDUCATIVO

- O reforzo educativo aplicarase con carácter xeral a tódolos alumnos que non acadaron os obxectivos da materia no curso anterior e os que presentan problemas para superala no actual.
- Será aplicado polo profesor/a na aula, tendo en conta: saídas ó encerado, chamadas orais, seguimento da libreta de clase para controlar se fai os exercicios, explicación individual durante breves períodos de tempo mentres o resto da clase realiza exercicios, realización de boletíns de reforzo, etc.
- No caso dunha avaliación continua negativa, este reforzo pódese ampliar con exercicios complementarios para casa. Os traballos complementarios basearanse sempre en obxectivos mínimos, e naqueles que sexan necesarios para superar os obxectivos da área.
- Nas reunións de avaliación reflectirase por escrito se o alumno realizou ou non as medidas de reforzo establecidas e farase unha valoración ou observación sobre o traballo.

## PLAN ESPECÍFICO PERSONALIZADO PARA ALUMNOS REPETIDORES

Os alumnos repetidores serán reforzados naqueles contidos nos que se detecten as súas carencias principais despois de elaborada unha avaliación inicial. Polo tanto se fará un seguimento mais detallado do traballo de clase, ademais de realizar boletíns de reforzo. Así mesmo, se contemplarán actividades de ampliación para aqueles casos nos que obtiveran avaliación positiva na materia o ano anterior, ou naqueles contidos que xa dominan por telos estudados no outro curso e repasados neste, dando lugar a un afianzamento neses conceptos.

## ADAPTACIÓN CURRICULAR

Unha vez realizada a avaliación psicopedagóxica e detectados os alumnos de adaptación curricular, o profesor/a en colaboración co departamento de orientación, decidirá os elementos do currículo que deberán ser modificados segundo as necesidades educativas do alumno, e estableceranse os criterios de avaliación que lle serán aplicados. Collerase como referencia os obxectivos mínimos de cada curso aínda que as modificacións poidan significar que os obxectivos pertencen a outro ciclo ou etapa distinto do que cursa o alumno.

As adaptacións curriculares centraranse no tempo e ritmo de aprendizaxe, nunha metodoloxía máis personalizada, en reforzar as técnicas de aprendizaxe, mellorar os procedementos, hábitos e actitudes, e aumentar a atención orientadora.



## **M) CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO QUE CORRESPONDA.**

### **PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES**

Os temas transversais refírense a contidos que non son propios de ningunha área específica, pero que, dentro do posible, deben estar presentes en todas. Na área de Matemáticas é posible colaborar en maior medida a algún deles, pero indirectamente todos poden aparecer nalgún momento.

Á **Educación moral e cívica** contribúen, sen dúbida, boa parte dos contidos actitudinais. Teñen que ver con ela todas aquelas actitudes que se refíren ao rigor, orde, precisión e coidado coa elaboración e presentación e coidado de tarefas e no uso de instrumentos, a curiosidade, o interese e o gusto pola exploración; a perseveranza e tenacidade na busca de solucións aos problemas e a posición crítica ante as informacións que utilizan as matemáticas.

A través da actuación cotiá do profesor, a súa forma de valorar os traballos ou a elección das situación que formula aos seus alumnos, poden estar presentes estas actitudes na aula.

A **Educación do consumidor** é un tema transversal no que as matemáticas teñen unha incidencia importante.

A formación para unha actitude crítica ante o consumo, require a miúdo poñer en xogo ideas e formas de expresión matemáticas. Algúns aspectos do consumo sobre os que pode inducirse son os seguintes:

- Publicidade. En particular a interpretación e valoración axeitada da utilización de representacións gráficas, así como de datos numéricos de diversos tipos.
- Aspectos económicos (cuantitativos) presentes no consumo de calquera tipo de bens ou servizos. O manexo da relación de proporcionalidade e as súas diferentes formas de expresión é esencialmente importante neste sentido.
- Algúns servizos, como os créditos e seguros, aínda que afastados da experiencia directa dos alumnos da etapa, ofrecen boas situacións para a aplicación dalgúns contidos.
- A medida é esencial no ámbito do consumo. Todos os contidos relacionados coa estimación de medidas, a medición e o uso dos sistemas métricos están directamente relacionados con este tema transversal.
- É importante por último, o consumo relacionado co ocio. Dentro del, o azar está presente a miúdo. Os contidos que teñen que ver co tratamento do azar contribúen a facer o seu consumo máis «intelixente».

#### **Educación para a igualdade de oportunidade entre sexos.**

Dende o punto de vista metodolóxico as indicacións que se fan pódense resumir na necesidade de fomentar o coñecemento e recoñecemento da capacidade de cada un dos compañeiros e compañeiras no ámbito das matemáticas e por extensión dos homes e as mulleres en xeral. O profesor pode xogar coas distintas formas de agrupación dos alumnos para fomentar, por unha parte, a autoestima duns e outros e, por outra, o

coñecemento mutuo.

O resto de temas transversais poden estar presentes na clase de matemáticas a través dos contextos dos problemas e exercicios das situacións ás que se aplican as matemáticas.

En igual condicións, pode ser conveniente ás veces que os problemas se refiran a cuestións relacionadas coa educación ambiental, a educación para a saúde, etc... de maneira que, ademais de facilitar aprendizaxes estritamente matemáticas, permitan o coñecemento e análise destes temas dende o punto de vista cuantitativo.

## ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR

O plan anual de lectura e o proxecto lector de centro teñen como finalidade a paulatina capacitación do alumnado nas competencias básicas que se pretenden, de cara á súa formación como cidadáns activos e solidarios. Dadas as características da materia de Matemáticas, as actividades relacionadas coa lectura que levan a cabo os alumnos superan os 15 minutos diarios de clase, xa que se van enfrontar diariamente a todo tipo de textos dos que se espera unha comprensión mínima de acordo cos obxectivos da materia, co cal as súas capacidades lectoras vanse a por a proba practicamente tódolos días, onde se traballará con enunciados teóricos e de diferentes tipos de exercicios, biografías dos matemáticos mais importantes, acontecementos históricos relacionados coa materia, revistas científicas que se poden atopar na biblioteca, etc.

Polo tanto é importante incrementar a fluidez e a comprensión lectora disfrutando da lectura como fonte de pracer e de aprendizaxe, ademais de incorporar a lectura e a escritura como formas de adquisición de novos coñecementos e de enriquecemento persoal.

Con esta finalidade de favorecer a lectura lúdica e fomentar o uso e disfrute dos textos, organizaranse nas aulas as chamadas “Bibliotecas de Aula” nas que o profesor porá á disposición dos alumnos libros de lectura complementando o labor da biblioteca do centro e favorecendo unha atención personalizada axeitada ós gustos e preferencias dos alumnos de cada grupo.

Recoméndase a lectura dos libros indicados no anexo V.

## ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN T.I.C.

Ao longo do desenvolvemento das unidades didácticas establécense actividades para poder empregar as tecnoloxías da información e a comunicación, de xeito que os alumnos desenvolvan as súas destrezas e o manexo nestas ferramentas. Empregarase a calculadora científica e software como follas de cálculo, procesadores de textos matemáticos, de deseño xeométrico, de computación simbólica, etc. Ademais realizarase a procura de material bibliográfico, histórico e calquera outro tipo de información na web.

## ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

Este departamento establece como obxectivos para contribuír ao plan de convivencia do centro:

- a) educar ao alumnado para a convivencia democrática, traballando na práctica docente a convivencia escolar e a resolución pacífica de conflitos.
- b) respectar a liberdade de conciencia e conviccións relixiosas e morais, así como a dignidade, integridade e intimidade de todos os membros da comunidade educativa.
- c) cumprir e facer cumprir as normas de convivencia do centro no ámbito de súa competencia.
- d) fomentar un clima positivo de convivencia no centro e na aula, e durante as actividades complementarias e extraescolares, favorecendo un bo desenvolvemento do proceso de ensinanza-aprendizaxe.
- e) manter a orde e velar polo adecuado comportamento do alumnado no centro, tanto na aula como fora dela, corrixindo e pondo en coñecemento dos órganos competentes as condutas que alteren a convivencia.
- f) informar ás familias das cuestións que puidesen afectarlles, dos incumplimentos das normas de convivencia por parte dos seus fillos e das medidas disciplinarias adoptadas ao respecto.
- g) controlar as faltas de asistencia así como os retrasos dos alumnos e informar aos titores, segundo o procedemento establecido.

## **N) ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

Ao longo do curso faranse diferentes actividades de interese para a nosa materia como talleres de xogos matemáticos, exposicións, concurso fotográfico con temática matemática, visitas a lugares que teñan relevancia para a nosa área, proxeccións de películas, realización dunha xincana matemática, etc.

*Dada a incerteza do curso actual motivada pola situación sanitaria, non se contempla a realización de ningunha actividade extraescolar ou complementaria das que se viñan propoñendo os cursos anteriores (Observación astronómica, Imatxina (1º,2ºESO), Canguro matemático, visita ao IGE, xincana e concurso de fotografía matemática).*

## **Ñ) MECANISMOS DE REVISIÓN, DE AVALIACIÓN E DE MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.**

Ao longo do curso os profesores que impartan dita materia reuniranse periodicamente para avaliar o desenvolvemento da mesma. En ditas reunións estudarase a conveniencia de realizar as modificacións pertinentes de cara o curso seguinte. A decisión final, de darse o caso, será tomada polo conxunto de membros do departamento.

Ao final do curso realizaranse estatísticas dos resultados académicos de cada grupo que serán incluídas na memoria anual e servirán de base para proposta de melloras nas programacións.

O alumnado terá acceso a través da páxina web do centro a programación desta materia. Nos taboleiros da súa aula serán expostos publicamente os contidos mínimos esixibles para a superación da materia. Os alumnos/as coa materia pendente recibirán toda a información nas primeiras semanas do curso por escrito. Así mesmo o profesorado estará a disposición do alumnado para resolver calquera dúbida que puidese xurdir.

## **O) ANÁLISE E VALORACIÓN DAS APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES QUE SE IMPARTIRON E DAS QUE NON SE IMPARTIRON NO CURSO 2019/2020.**

Debido á situación de excepcionalidade do curso pasado motivada pola emerxencia sanitaria e á propia situación singular do curso presente, somos conscientes das dificultades coas que nos enfrontamos no curso actual para impartir as aprendizaxes imprescindibles non vistas o curso pasado e á súa vez impartir as do curso actual.

Como punto de partida, detectaranse as carencias e necesidades do alumnado para este curso partindo da análise e valoración dos resultados da avaliación inicial e dos informes individualizados elaborados á finalización do curso 2019/2020.

A incorporación das aprendizaxes non adquiridas realizarase antes do comezo de cada bloque temático.

En canto á valoración do impartido e non impartido no curso 2019/2020, seguindo as directrices dictadas no último trimestre do curso pasado, reforzamos as aprendizaxes imprescindibles xa vistas ata o momento da declaración do estado de alarma co obxectivo de que, no curso actual, aqueles bloques comúns ós xa reforzados se axilice moito máis a súa preparación dispoñendo así de máis tempo para aqueles outros bloques de contidos non impartidos.

Nalgúns cursos, atendendo á demanda do propio alumnado, decidimos seguir impartindo novas aprendizaxes que consideramos imprescindibles para abordar o curso actual. Este feito foi valorado moi positivamente por ambas partes.

## **P) PLAN DE REFORZO.**

Segundo as necesidades individuais do alumnado detectadas mediante a avaliación inicial e os informes individualizados elaborados á finalización do curso 2019-2020, realizaranse axustes curriculares co obxectivo de reforzar os elementos curriculares esenciais e as competencias e aprendizaxes imprescindibles do curso pasado.

**Este plan de reforzo non se levará a cabo únicamente no primeiro trimestre, senón que se desenvolverá durante todo o curso antes de cada bloque temático.**

Os estándares de aprendizaxe non impartidos aparecen no anexo VI e serán ós que se lles dea prioridade cando se aborde ese bloque en cuestión.

A metodoloxía e a temporalización previstas de antemán poderán verse modificadas segundo as necesidades detectadas no día a día, podendo ralentizarse o proceso de ensino para afianzar e reforzar contidos.

En canto aos procedementos e instrumentos de avaliación, tamén poderá verse modificado o número de probas obxectivas realizadas (ben presenciais ou telemáticas de ser o caso), non podendo determinar de antemán o número exacto a realizar por todas as casuísticas que se poden dar. Será o profesorado que imparta clase, o encargado de tomar a decisión. No caso de que sexan varios os profesores que impartan no mesmo curso, procurarán consensuar un criterio común para o número total de probas.

Deixaremos constancia dos cambios realizados na Memoria Final do Departamento e no seu caso nas actas do Departamento.

Tomaranse todas as medidas que o profesorado de aula considere necesarias para garantir o pleno desenvolvemento do alumnado; de ser necesario un maior seguimento, farase a través dos cursos da aula virtual habilitados para a atención do alumnado con materias pendentes.

No caso de que a situación sanitaria obrigue ao confinamento e polo tanto, á docencia telemática, ou no caso de que un gromo obrigue a un número determinado de alumnos/as a permanecer en corentena, mentres o resto do grupo permanece na aula ordinaria, farase o seguimento do alumnado en corentena dependendo das ferramentas que a administración nos proporcione e da dispoñibilidade temporal que permita a actual sobrecarga horaria do profesorado e o aumento de tarefas burocráticas experimentados nestes últimos anos.

# ANEXO I: ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

O b x e c t i v o s	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Se	%	Instru	Instru	Compe
				sió	Cons	mentos de	mento s de	te ncia
				ns	ecuci	on de	o s de	ave
				ón	ón	avaliac	o s de	ntic
						ión	o s de	ia
						presenci	o s de	cl
						al	o s de	ave
						NON	o s de	ntic
						presen	o s de	ia
						cial	o s de	ave
Matemáticas I. 1º de bacharelato								
<b>COMÚN A TODAS AS UNIDADES</b>								
<b>Bloque 1. Procesos, métodos e actitudes en matemáticas</b>								
e	B1.1. Planificación e expresión verbal do proceso de resolución de problemas.	B1.1. Expresar verbalmente, de forma razoada, o proceso seguido na resolución dun problema.	MA1B1.1.1. Expresa verbalmente, de forma razoada, o proceso seguido na resolución dun problema, coa precisión e o rigor adecuados.	X	75	O		CCL CMCCT
